



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria accidental de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS POSIBLES BAIAS, PERMISOS E OUTROS SUPOSTOS DE AUSENCIA DO TITULAR DUNHA PRAZA DE CONDUTOR/A DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).

Expte. TEDEC: 2023/X999/000106 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000022(Decreto).

Visto que o Concello da Baña conta cun condutor en réxime de persoal laboral, adscrito ó departamento de servizos sociais.

Visto que para a eficiente xestión dos recursos humanos a Alcaldía opta pola conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de condutor de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña).

Visto que as tarefas desempeñadas polo condutor resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ó Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para solventar as ausencias prolongadas do seu persoal ó non dispor este Concello de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ó servizo do mesmo.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de novembro de 2023 se aprobaron as bases e convocatoria do proceso selectivo para cubrir as posibles baixas, permisos, e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña).

Visto que as bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 20 de novembro de 2023 (BOP núm. 221), iniciándose un prazo de dez días naturais para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que mediante resolución de Alcaldía, con número de Decreto 9/2024, de 8 de xaneiro de 2024, aprobáronse as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos, así como a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/, co obxecto de outorgarlle ós aspirantes excluídos un prazo de dez días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir os defectos que se alude no referido artigo e formular as reclamacións á lista provisional.

Visto que no referido Decreto 9/2024 do 8 de xaneiro de 2024 aprobouse a composición do tribunal cualificador, a constitución do mesmo, o establecemento da data, hora e lugar de realización das probas da fase de oposición e a convocatoria dos aspirantes.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Vista a acta do tribunal, a cal se transcribe a continuación:

“ACTA DO TRIBUNAL ENCARGADO DA REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS POSIBLES BAIXAS, PERMISOS E OUTROS SUPOSTOS DE AUSENCIA DO TITULAR DUNHA PRAZA DE CONDUTOR/A DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).

Realización do cuestionario e da proba práctica da fase de oposición

Data da sesión: 12.01.2024
Hora de inicio: 9:36 horas
Hora de finalización: 10:00 horas.
Lugar: Casa do Concello da Baña.

Asistentes:

Presidenta: Luz María Vieito Día, Técnica de Recursos Humanos do Concello de Santa Comba.
Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, auxiliar administrativa do Concello da Baña.
Vogal 1: José Antonio Noya González, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.
Vogal 2: Manuel Fernández Méndez, Coordinador de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.
Vogal 3: Marcos Pérez Lourido, Técnico cultural do Concello de Negreira.

PRIMEIRO: Reunido o tribunal procede a determinar o contido do exercicio da fase de oposición que consiste na resolución dun cuestionario composto por 20 preguntas, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas, sendo só unha correcta, relacionadas coas materias e contidos no temario que figura como anexo I das bases que rexen na convocatoria.

A proba tipo test cualificarase sobre 10 puntos.

A proba práctica que consistirá na contestación de forma oral ante o tribunal de dúas preguntas técnicas previamente redactadas por este órgano e que o aspirante deberá elixir de forma aleatoria entre os dez temas ofertados polo tribunal e que terán relación co temario do Anexo I. Esta proba oral terá unha puntuación máxima de 2 puntos.

A continuación efectúase o chamamento das persoas aspirantes admitidas das que concorren as seguintes e coas seguintes puntuacións obtidas en cada unha das probas:

Nome e apelidos	DNI	Resultado proba test	Resultado proba oral	Total fase oposición	Proba de galego
E.G.G.	****743**	9	2	11,00	Exento
M.P.T.	****288**	NP	NP	-	Exento
F.P.C.	****650**	NP	NP	-	Exento
F.L.P.	****473**	NP	NP	-	Exento
J.M.A.M.	****401**	NP	NP	-	Exento
S.C.C.	****369**	8	1,5	9,5	Apto

SEGUNDO. Tendo en conta os resultados acadados polos aspirantes o Tribunal cualificador propón a formación da bolsa de emprego para cubrir as posibles baixas, permisos e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña).

Nome e apelidos	DNI	Resultado fase concurso	Total fase oposición	Resultado final
E.G.G.	****743**	2,70	11,00	13,70
S.C.C.	****369**	1,50	9,5	11,00



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

TERCEIRO: O tribunal cualificador propón a seguinte lista de aspirantes que formarán parte de dita bolsa de emprego co seguinte orden:

1. E.G.G., con DNI ****743**

2. S.C.C., con DNI ****369**

CUARTO: Abrir un período de cinco (3) días hábiles a computar dende o día seguinte ao da publicación para que os interesados podan formular reclamacións ou alegacións ao respecto da baremación e cualificación de contidos.

Ditas reclamacións serán obxecto de estudo e estimación ou desestimación por parte do Tribunal que adoptará acordo ao respecto e coas baremacións e puntuacións definitivas e que se publicarán para o seu coñecemento e efectos.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os integrantes do tribunal."

Visto que publicada a relación de aprobados, o Concello da Baña xestionará a bolsa de emprego segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación ós membros da bolsa de emprego por estrita orde decrecente en base á puntuación obtida nas probas selectivas. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de tres días naturais para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación da praza ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. Este prazo de tres días hábiles poderá reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza.

Visto que a persoa proposta deberá aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do permiso de conducir tipo B.
- Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función a desempeñar, expedido por facultativo competente.
- Declaración xurada, ou promesa de, non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Título de manipulador de alimentos en vigor.
- Certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Primeiro.- Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar a bolsa de emprego para cubrir unha praza para cubrir as posibles baixas, permisos e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña) segundo a orde de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes, que é a que a continuación se transcribe:

Nome e apelidos	DNI	Resultado fase concurso	Total fase oposición	Resultado final
E.G.G.	****743**	2,70	11,00	13,70
S.C.C.	****369**	1,50	9,5	11,00

Terceiro.- Publicar a bolsa de emprego para cubrir unha praza para cubrir as posibles baixas, permisos e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña) no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Cuarto.- Declarar a necesidade de cubrir a praza de condutor/a da área de servizos sociais do Concello da Baña por ausencia do seu titular e propor a E.G.G., con DNI ****743** como primeiro candidato, tendo a obriga de comunicarlle a este Concello a aceptación da praza ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta, tendo que, no primeiro dos casos que aportar a seguinte documentación no prazo de 24 horas, declarándose expresamente a urxencia na cobertura da praza:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do permiso de conducir tipo B.
- Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función a desempeñar, expedido por facultativo competente.
- Declaración xurada, ou promesa de, non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Título de manipulador de alimentos en vigor.
- Certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria accidental, Rocío Caamaño Gerpe, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE